



a túa idea a túa empresa

entra
soña
crea
investe
investiga
proxecta
innova
medra...

A túa idea está esperando a formar parte doutros proxectos, doutras ideas feitas realidade, ideas posibles, grandes, pequenas... Achegando a túa idea e o teu esforzo a sociedade medra, ti medras.

Entra no mundo das ideas.
Ven ao mundo emprendedor.

Ven ao Día do Emprendemento

...apoia
informa
coordina
asesora
comparte
conecta
forma
financia

Información e inscricións:

Web: www.cei.lugo.es
E-mail: info@cei.lugo.es
Tel.: 982 297 468
Fax: 982 297 475

Lugar de celebración:

cei-nodus
CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN
CENTRO DE SERVIZOS TECNOLÓXICOS

Avda. da Coruña, 490 - 27003 Lugo



**DÍA DO
EMPENDEMENTO
15
DE MAIO
GALICIA
LUGO**

Promove:



Financian:



Portugal-España
Cooperación transfronteiriça
INTERREG III A
Cooperación transfronteiriça
Espanha-Portugal



Concello de Lugo

Organizan:


Concello de Lugo
Concellería de Economía
e Emprego
cei-nodus




FUNDACIÓN C.E.L.
INICIATIVAS POR LUGO

Cámara
Lugo


AJE
Asociación Jóvenes
Empresarios de Lugo

III DÍA DO EMPREENDEMENTO

XOVES, 15 DE MAIO DE 2008

Das 9:30 ás 12:00 horas:

“Quero ser emprendedor: cóntame a túa historia”, a cargo de emprendedoras e emprendedores de éxito.

Salón de Actos do CEI-NODUS

O formato deste acto será o dunha mesa redonda na que os representantes das empresas participantes farán unha exposición breve, en torno a 10-15 minutos, para dar a coñecer a súa empresa (quen son, onde están, a que se dedican) e a súa traxectoria, destacando as circunstancias que rodearon a posta en marcha da empresa, os fitos e as dificultades máis grandes que tiveron que afrontar e como as superaron. Unha persoa actuará como moderadora, fará unha presentación inicial dos participantes e iralles dando paso. Logo da primeira intervención de cada unha das empresas a moderadora dirixirá o debate, atendendo ás preguntas dende o público e fomentando a súa participación.

A moderadora é D^a. María Ángeles López Cabarcos, Profesora Titular pertenciente á Área de Organización de Empresas do Departamento de Organización de Empresas e Comercialización da Universidade de Santiago de Compostela. Doutora en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago no ano 1999. Imparte a súa docencia dende o ano 1996 no Campus de Lugo, concretamente na Licenciatura de Administración e Dirección de Empresas de Lugo.

As empresas participantes son:

1. Casa Grande de Xanceda.

D. Guillermo Martínez Ruiz, socio e Director-Xerente.



Casa Grande de Xanceda ubícase no concello coruñés de Mesía, localizándose as oficinas na rehabilitada "Casa Grande", un edificio do século XVIII que forma parte do patrimonio histórico. A granxa, que conta cunhas 400 vacas que se alimentan de pastos e forraxe natural, está inscrita no rexistro de empresas ecolóxicas, é a segunda productora de leite ecolóxico do Estado (producción en torno a 1,2 millóns de litros anuais, que representan o 20% do leite ecolóxico en España), e é a única industria española que fabrica yogures cremosos 100% naturais. A fábrica construíuse incorporando unha nova tecnoloxía en cuxa investigación e desenvolvemento participou a Aula de Productos Lácteos da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Pazo de Vilane.

D.ª Nuria Varela Portas de Orduña, Xerenta.



Situado en Antas de Ulla o lema desta empresa é "*En Vilane non fabricamos ovos, criamos galiñas*". Trátase dunha explotación de ovos acollida ao sistema de produción integrada. As galiñas viven ceibes aproveitando os pastos frescos do pazo. Isto permítelles incorporar ao ovo aqueles elementos que inxiren durante o pastoreo, e que se traduce en ovos máis ricos en sustancias beneficiosas como calcio, antioxidantes e numerosas vitaminas, polo que é doado apreciar neles unha maior consistencia, un aroma máis intenso e un sabor característico. Ademáis, o movemento que lles permite a súa liberdade favorece a súa saúde e o seu benestar. Pazo de Vilane conta dende setembro de 2005 co selo de garantía

Galicia Calidade e ten outras producións alternativas; como unha plantación de 10 Ha. De frambuesa (que supoñen unha colleita de 10.000 Kg. de froita por hectárea durante os meses de setembro e outubro), e cinco Ha de espárrago verde, un cultivo perfectamente adaptado á comarca da Ulloa e que comercializan no mercado local en fresco. A xestión dos residuos orgánicos faise na propia explotación, para acadar un equilibrio ecolóxico ao que contribuen diversas plantacións de arborado autóctono.

3. Ecocelta.

D. Sergio Horacio Quiroga Rivero, Xerente.



Creada no ano 2002, tras dous anos de produción artesanal localiza as súas instalacións en Pontearreas. Dedicase á produción de compost coa utilización de miñocas. Para iso aplica un sistema patentado pola empresa, denominado Sistema Vertical de Lombricultura Industrial, o cal permite maximizar o espazo e o tempo na vermicompostaxe.

Ecocelta recibiu o 1º premio de Innovación Tecnolóxica en Medio Ambiente Natural 2005 na Feira Internacional de Silleda, e o seu fundador, Sergio Horacio Quiroga Rivero, o 1º premio de Emprendedor do Atlántico, tamén no 2005.

Actualmente Ecocelta conta con 11 Ha de terreo onde realiza unha xestión ambiental que inclúe a revalorización de residuos orgánicos de tipo equino, porcino, vacún, de galiña e de Coello das granxas locais empreñando novas biotecnoloxías de compostaxe e vermicompostaxe, a recollida, almacenamento e revalorización dos estercois líquidos e puríns, a reciclaxe de residuos forestais e madeiros. Actualmente Ecocelta conta con oito empregados e dispón dun departamento de I+D que continúa a facer estudos que permitan incorporar novos residuos.

4. www.alabaja.com

D. David Calvo Fernández, Socio Fundador.



A empresa lucense Fugit Online S.L. Unipersonal é a propietaria da web www.alabaja.com, un novo concepto do que tradicionalmente é unha subasta. Os visitantes da web, que leva en funcionamento dende novembro de 2007, son invitados a poxar sobre un produto determinado, radicando a novidade respecto ao sistema tradicional (onde partindo dunha cantidade, o gañador é o que realiza a poxa máis alta), en que o gañador é o que faga a POXA ÚNICA MÁIS BAIXA. Entre os artigos xa repartidos figuran uha consola Play Station 3, por 0,67 €, un ordenador portátil por dous euros ou dúas entradas par un concerto de Police cunha noite de hotel, por tan só dous céntimos de euro.

O deseño e a programación da web é obra de dúas empresas, Diseñarte e Ardinova Consulting, tamén de Lugo.

5. www.hoopshype.com

D. Jorge Sierra, Socio Fundador



Os seguidores da NBA seguramente coñecen este portal que trata exclusivamente da NBA e de todo o que rodea á liga. Jorge Sierra é o editor de contidos, mentras que Ángel Marín (que detesta o baloncesto) se encarga da parte técnica. Ao ano da súa creación sumouse ao proxecto Raúl Barrigón, como redactor xefe. O éxito acadado con este portal é tal (en torno a 70.000 visitantes únicos ao día) que, con apenas cinco anos de vida, a empresa foi adquirida recentemente por un grupo empresarial americano.

6. Quobis Networks, S.L.

D. Iago Soto Mata, Socio Fundador.



Empresa creada en 2006, con oficinas no Parque Tecnolóxico de Galicia (San Cibrao das Viñas - Ourense), en Porriño e Madrid. Liderando un mercado en constante desenvolvemento e seguindo unha liña de proxectos innovadores en tecnoloxía das telecomunicacións, Quobis apostou pola calidade do servizo prestado, así como por manterse constantemente na vangarda en canto ás tecnoloxías e solucións a ofrecer. O obxectivo final de Quobis é dotar ás empresas de solucións innovadoras que lles permitan optimizar os seus recursos e ser máis competitivos no ámbito das novas tecnoloxías.

Quobis foi galardonada co premio "Bancaja Nuevos Emprendedores 2007" na modalidade de empresas de base tecnolóxica, completando así un ano de recoñecementos, pois en marzo recibiu o premio "mellor iniciativa empresarial" na cuarta edición dos premios Eganet.

Das 11:30 ás 12:00 horas:

Pausa - Café, con degustación de produtos ecolóxicos.



Colabora A.P.E.G.A; Asociación de produtoras/es ecolóxicas/os galegas/os.
Segundo andar do CEI-NODUS.

Das 12:00 ás 12:30 horas:

ACTO INAUGURAL, a cargo das autoridades.

Interveñen:

- * D. JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo.
- * D. AGUSTÍN MERINO GARCÍA, Vicerrector Adxunto de Investigación e Proxestión Exterior da USC.
- * D. LUIS GARCÍA SANTALLA, Presidente da Fundación CEL.
- * D. ALFREDO H. MOSTEIRÍN CASTAÑER, Presidente da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Lugo.
- * D. RUBÉN LÓPEZ FERNÁNDEZ, Vicepresidente da Asociación Jóvenes Empresarios de Lugo.

Salón de actos do CEI-NODUS.

Das 12:30 ás 13:30 horas:

"Blusens: escalada cara ao triunfo". Unha historia espectacular de emprendemento con valentía, visión e ambición, a cargo de D. José Ramón García, Presidente Executivo de "Blusens".

Presentación o acto e ao relator de D. LUIS GARCÍA SANTALLA, Presidente da Fundación CEL, Iniciativas por Lugo.

D. José Ramón García González, ten recibido diversos premios de recoñecemento á súa faceta emprendedora, entre os que destacan o PREMIO EMPRENDEDOR EMERGENTE EN ESPAÑA (outorgado pola Consultora Americana ERNST & YOUNG en febreiro de 2008), o X PREMIO NACIONAL JOVEN EMPRESARIO DEL AÑO 2007 (outorgado por AJE Confederación e entregado por S.A.R. El Príncipe de Asturias), o PREMIO NUEVOS EMPRENDEDORES 2007, III EDICIÓN (nos Premios Transfronteirizos á Excelencia Empresarial, outorgado pola Fundación CEO), e o PREMIO 100 IDEAS MÁS BRILLANTES DEL PANORAMA EMPRESARIAL ESPAÑOL, 2007 (outorgado por Actualidad Económica). Foi recoñecido GALLEGO DEL MES DE FEBRERO 2007 (El Correo Gallego 2 de marzo 2007, p. 44) e Seleccionado entre os TRES FINALISTAS no PREMIO EMPRENDEDOR DEL AÑO 2007 da revista Emprendedores.

BLU:sens

A empresa "Blusens Technology", que iniciou a súa actividade comercial en 2002, ten realizado unha decidida aposta por aportar savia nova a un sector, o da electrónica de consumo, dominado por grandes marcas multinacionais, creando dende Galicia unha marca de calidade, guiada pola excelencia en tódolos aspectos do seu funcionamento. A posición de liderado en innovación acadada no mercado español en tan só catro anos motivou á empresa a plantexarse obxectivos aínda máis ambiciosos: a expansión a nivel internacional.

Os múltiples proxectos de Investigación+Desarrollo e Innovación ao longo da vida de Blusens Technology, teñen dado como froito os diferentes produtos que alimentan o catálogo da empresa habitualmente, entre os que destacan o nacemento do primeiro MP3 mundial con Bluetooth e con conexión WIFI, así como o nacemento da plataforma Blu:generation que pretende liderar o movemento xoven na rede. A novidade máis recente sacada ao mercado é o primeiro Navegador GPS 3D con fotografía real.

Das 17:00 ás 18:30 horas:

“O despertar das emprendedoras”, a cargo de D.^ª Loreto Fernández Fernández, Profesora Titular da Área de Economía Financeira e Contabilidade da Facultade de Económicas e Empresariais da USC e Directora da Cátedra Bancaja “Mocidade Emprendedora (Emprendemento feminino)”, D.^ª Eva López Barrio, Directora do programa “Woman-Emprende” da USC, D.^ª Yohanna Lemos González, promotora de “Inbiogal, S.L.”, e D.^ª Ana Castro López, promotora de “Casa de Baixo”.

Presenta o acto e ás relatoras, D. ALFREDO H. MOSTEIRÍN CASTAÑER, Presidente da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Lugo.

D.^ª Loreto Fernández Fernández é Licenciada e Doutora en Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais, Especialidade Financiamento). Na actualidade é Profesora Titular do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade da Facultade de Económicas e Empresarias da Universidade de Santiago de Compostela (USC), onde imparte docencia en diversas materias dentro da área de finanzas de empresa na Licenciatura de Administración e Dirección de Empresas e na Diplomatura de Relacións Laborais, ademais de formar parte de diversos programas de doutoramento. A súa traxectoria investigadora é ampla, tendo participado en numerosos proxectos de investigación e publicado artigos en diversas revistas. A súa participación en congresos, tanto nacionais como internacionais é habitual, e ten publicado capítulos específicos en libros de economía, innovación e novas tecnoloxías. Recentemente, Loreto acaba de asumir a dirección da **Cátedra Bancaja “Mocidade Emprendedora”**, dirixida ao emprendemento feminino. Unha iniciativa máis da Fundación Bancaja dentro do Programa de creación de Cátedras Jóvenes Emprendedores que esta entidade ten en marcha, e que na actualidade conta cunha rede de 24 cátedras en diversas Universidades españolas, unha das cales é esta da USC que presentará Loreto Fernández. Estas cátedras pretenden impulsar o desenvolvemento do emprendedor e a creación de empresas dende as propias Universidades. Tamén ofrecen formación e fomentan a investigación de temas relacionados co estudio do emprendedor.

D.ª **Eva López Barrio** é Lcda. en Ciencias Económicas e Empresariais e Máster en Dirección e Xestión de Comercio Exterior, pola USC. Comezou a súa carreira profesional en 1994 no sector da Informática Aplicada, compaxinando este labor cos seus estudos de Doctoramento no Departamento de Econometría e Métodos Cuantitativos da Facultade de Económicas da USC. Logo de participar na organización e consecución de diferentes proxectos europeos no ámbito da detección de necesidades de formación, pasa á empresa privada dirixindo o Departamento de Marketing do Grupo de Empresas Álvarez en Vigo, ao mesmo tempo que exerce de controller económica-financeira dunha das fábricas pertencentes ao grupo, Pontesa. Posteriormente ocupa a Dirección do Departamento de Exportación da empresa Calor Color, fábrica de lámpadas de deseño Arturo Álvarez. Na actualidade traballa no programa de creación de empresas UNIEMPRENDE participando activamente no asesoramento a emprendedoras e spin-off universitarias e na axuda á creación e posta en marcha de empresas de base tecnolóxica.

Dende finais do ano 2006 é Directora de **"Woman Emprende"**, un programa da USC dirixido á muller universitaria emprendedora, dende o que se promove a igualdade de oportunidades entre home e mulleres universitarios para o acceso á creación da propia empresa. Ademais de todo isto, "Woman Emprende" é tamén unha rede para desenvolver, sempre dentro do programa UNIEMPRENDE, unha plataforma de traballo para potenciar a creación de empresas no ámbito universitario e conseguir resultados de participación das mulleres en consonancia á súa cota de participación na Universidade. Este programa non é só un programa de dinamización do emprendemento feminino universitario, senón que é unha plataforma de análise, de reflexión e de debate na que se estudan e investigan as mellores solucións para rectificar os números do "desequilibrio emprendedor de xénero".

D.ª Yohanna Lemos González Licenciada en Bioloxía (UVI), Diplomada en Estudos Avanzados (DEA), e Master de Especialista en Xenética Clínica. A súa traxectoria é básicamente no campo da investigación pero tamén ten experiencia na Xestión de I + D como promotora de Inbiogal S.L, (Innovación Biolóxica de Galicia S.L.). Esta empresa de recente creación é unha spin off de orixe académica y cualificada como Iniciativa Empresarial de Base Tecnolóxica (IEBT) pola Xunta de Galicia. Entre os seus obxectivos están: a translación dos coñecementos científicos e tecnolóxicos ao ámbito clínico-sanitario e biotecnolóxico; a formación e asesroamento especializado no ámbito da bioquímica e no da bioloxía molecular e pretende prover á sociedade dun centro, no que de xeito rutineiro e fiable, se leven a cabo análises xenéticas e bioquímicas que axuden na diagnose, seguimento, prognóstico e tratamento de numerosas patoloxías.

D.ª Ana Castro López, é Licenciada en Xornalismo, profesión que exerce dende hai máis dunha década vinculada á Radio Televisión de Galicia. A súa inqueda levouna a ser unha das promotoras de "Casa de Baixo", unha casa de turismo rural rehabilitada con encanto, na que ademais dos servizos de hostalería se pode participar en actividades como o coñecemento e realización dos labores agrícolas, a elaboración de pan e queixo, de xabón e vasoiras, ou disfrutar dun entorno en plena natureza, con roteiros a pé ou en bicicleta.

Das 18:30 ás 19:30 h

"A variña do éxito empresarial", a cargo de D. José Luis Briones Ramos, Director Xeral de "Alquimia Emprendedora, S.L."

Salón de actos do CEI-NODUS.

Presenta o acto e ao relator, D.^ª SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Concelleira de Economía e Emprego do Concello de Lugo.

José Luis Briones é Diplomado en Estudos Superiores de Marketing pola Universidade Privada CEU e en Dirección Xeral pola escola de negocios I.E.S.E.

Creador de empresas dende hai máis de vinte anos, sempre rompendo esquemas e introducindo novos conceptos, especialmente na área de marketing, J. L. Briones posúe ademáis unha longa traxectoria profesional na que ten pasado por todas as áreas de negocio dunha empresa e en practicamente todos os sectores industriais. Foi directivo do Centro Europeo para a Formación de Directores, entidade vinculada á Confederación de Caixas de Aforros, pasando, posteriormente, a asumir a dirección xeral de Interconsult e a presidencia de Marketing Dynamic's, ambas empresas vinculadas, unha coa formación na área da estratexia e outra, coa consultoría na área do marketing promocional.

Na actualidade é xerente de "Alquimia Emprendedora, S.L.", empresa de consultoría de formación en xestión e promoción de empresas. Ten prestado servizos de formación para diversas organizacións (entre as que se atopan Gas Natural, Apple, Xerox, Canon, 3M, Gillette, Nestle, Revlon, Pond's Española, Wella, Colgate, La Unión y el Fénix...) e institucións (como os concellos de Sevilla, Cádiz, Alcalá de Guadaira... ou as consellerías de emprego, e de innovación de Andalucía, entre outras). J. L. Briones é ademáis, co-autor do libro *"Marketing Directo de Red"*, xunto co profesor do I.E.S.E. D. Barto Roig, e foi editor e director durante os seus trinta números de vida, da revista de desenvolvemento humano *"Éxito sin Límite"*. Unha experiencia que segundo afirma, determinou definitivamente o seu enfoque profesional: centrarse no crecemento do potencial humano e no incremento da capacidade competitiva dos pequenos empresarios.



Esta conferencia céntrase nunha serie de modelos que están sendo realmente atractivos para os emprendedores. Algúns destes modelos son moi coñecidos (Google, Starbucks, Body Shop, etc.), e outros menos (Irizar, Oticon, etc.). Irizar, por exemplo, é español, e é o primeiro fabricante europeo de carrocerías de autocares. Google e Starbucks son sobradamente coñecidos.

Na conferencia identificaranse as claves do éxito destas empresas cunha traxectoria de crecemento sorprendente, e ven a ser, por limitacións de tempo, unha introdución aos contidos nos que se afondará no Taller "Estratexias Gañadoras" que se impartirá o venres 16 de maio, de 9:30 a 13:30 (4 horas), na aula de formación do CEI-NODUS, no que se identificará a metodoloxía seguida por algunhas das empresas de referencia en diversos sectores e como resolveu cada unha a implementación da súa estratexia na súa estrutura organizativa.

Das 19:30 ás 20:00 horas.

ACTO DE CLAUSURA

A cargo das autoridades.

Interveñen:

* D.^a SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Concelleira de Economía e Emprego do Concello de Lugo.

* D. JOSÉ MIGUEL VÁZQUEZ CALVO, Delegado Provincial da Consellería de Traballo en Lugo.

Salón de Actos do CEI-NODUS.